

Feijoo, paga o que debes!!

Só quere devolver parte do que lle obrigan as sentenzas.

O goberno central anuncia que devolverá o 25% da extra de decembro do 2012 en xaneiro de 2015. En Galiza, Feijoo quere facelo en dous anos, non se compromete a recuperar as extras completas, e vende como un acto de boa fe o que é unha obriga, tal e como ditan os tribunais.

Lembramos o escenario que temos en relación á paga extra do 2012:

Laborais: fóreronse gañando todos os conflitos colectivos onde se obriga á Xunta a pagar a parte devindicada.

Funcionarios/as: como non ha posibilidade de conflito colectivo a CIG presentou varios contenciosos a modo de sondaxe para logo pedir a extensión de sentenza a todos os funcionarios/as. Gañamos os contenciosos pero a Xunta recorreu no Supremo. Inda que ten todos os visos de que imos gañar, toca agardar.



No Estado, onde cobraron a extra do 2014, Montoro di que vai devolver parte do que deben do 2012 en xaneiro de 2015. Porén, Feijoo vai pagar a extra do 2012 en dous prazos, e mantién recortada a do 2013 e 2014.

A CIG non vai dar o seu visto e prace. Se quere renegociar o pago do que nos deben, estaremos dispostos

partindo do seguinte: recuperación das extras recortadas de 2012, 2013 e 2014, recuperación do 5% dos últimos 5 anos, actualización das retribucións conforme ao IPC galego dos últimos 5 anos, e por suposto no 2015 as extras completas. Ademais se deberían fixar con prazos claros e establecelo nunha lei como un derecho adquirido, para que logo non dea marcha atrás.

Que pague o que debe!! Os/as empregados/as públicos/as non buscamos esmolas, queremos que nos devolva o roubado e que se nos pague o que corresponde polo noso traballo.

A maiores seguen reducindo a Administración, ao non fixar a taxa de reposición nun 100% dos efectivos, e non contemplan a retirada da batería de normas, comezando pola Lei de medidas, que acabaron con moitos dos nosos dereitos laborais nestes últimos anos.

Ante iso ofrécenos unha esmola “en diferido”. MISERABLE.

OS AGASALLOS DE Mr. BURNS

Coa vista posta no 2015, ano electoral, e cuns índices de popularidade en picado, o goberno do PP comeza o xiro social no ámbito das administracións cunha serie de medidas sendo a principal, se o medimos polo rebumbo que levantou, é incrementar nun día máis os asuntos propios (na Xunta serán 7 neste ano 2014 ao ter dous días máis por coincidir con festivos estatais non recuperábeis en sábado). Isto xa está recollido no PORTAX.

Hai medo no PP ante o ano electoral, e nós temos que aproveitalo para

reverter os recortes, non só no salarial senón noutros dereitos laborais, como os regulados para as incapacidades temporais, os permisos e licenzas, a xornada, horarios, ou a desaparecida acción social.

Dende a CIG non consideramos que abonde con agasallarnos un día máis de asuntos persoais ou anunciar a devolución das retribucións roubadas. A desfeita á que someteron ás Administracións Públicas non se soluciona cuns agasallos de Mr. Burns.



DESMANTELAMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS

Apoiándose na crise económica, a Conselleira de Traballo e Benestar aplica o cambio ideolóxico do PP destruíndo unha parte importante do tecido público de servizos sociais na Galiza: mínguan as partidas para a dependencia, esgotanse as prestacións e subsidios para persoas desempregadas, as residencias da rede pública sufren unha constante perda de calidade asistencial..

Este tipo de políticas seguen empobrecendo á sociedade a pesares de que, dito polo Goberno, segundo os indicadores macroeconómicos medra a economía. Será certo ou non, pero o que constatamos é que o que medra é o cabreo, a taxa de desemprego e a pobreza da maior parte da sociedade, á par que medra a renda da clase rica e a fenda entre clases.

Residencias de maiores

Nas residencias do Meixoeiro e Mairín, onde se atende a persoas con necesidades asistenciais importantes, a falla de persoal pola non cobertura de baixas e vacantes orixina sobre-carga de traballo e baixas médicas.

As familias denuncian unha deficiente atención: residentes que permane-


cen até 12 horas sentados nunha cadeira e non sempre con persoal auxiliar para atendelos, baixa calidade do material como os cueiros para as incontinencias que provocan alerxias e non son repostos coa necesaria periodicidade.

Ante os feitos, a Administración resposto que non hai recortes, pero agochan que o diñeiro dos centros propios é detraido para entregárllelo aos centros privados conveniados.

A Lei da Dependencia

Á conselleira de Traballo e Benestar, D^a Beatriz Mato, fóiselle a pinza cando manifestou que a mingua dos orzamentos adicados lei da dependencia “evita paguitas e ofrece calidade”. Isto dillo a parte das 9.000 persoas dependentes da Galiza que pasarán dunha paguita de 568 € a cobrar 178 € mensuais. Outra importante parte das persoas non recibiu cantidade algúnhia.

Como vía de solución ao incremento de calidade que promete a conselleira, vaise proceder á revisión acelera-



da de todos os expedientes susceptíbeis de recortar, e vai ser pagando horas extraordinarias.

Pois agardamos que as horas sirvan para algo, non como pagaron horas extraordinarias para tramitar os expedientes de residencias, pois as resolucións enviadas a moitos dependentes contiñan erros no cálculo do copago, erros que puideron ser polo mal funcionamento do programa informático feito pola empresa privada encargada ou ben por unha incorrecta revisión. Pero como case todo na vida, hai solución: haberá novamente horas extraordinarias para facer unhas novas resolucións. Mientras, as persoas afectadas cando reciban as novas resolucións cos recortes, van por o berro no ceo.

FLEXIBILIDADE A DISCRECIÓN

A concesión da flexibilidade automática, tan cacarexada polo Presidente da Xunta e os seus medios de comunicación vasalos, depende do como queira practicar a arbitrariedade o xefe de turno.

Onde a normativa di que “excepcionalmente poderá denegarse” a flexibilidade por “especiais condicións nas que actualmente se ven desenvolvendo o traballo”, algún chulo e chula interpreta que “poderá denegarse a todo dios segundo lle saia do (ou da) .. a quen ordena e manda”, como demostran diversos casos que chegaron á CIG.

O persoal do centro base de Pontevedra, incautos, tramitaron a flexibilidade automática en agosto coa crenza de que en setembro xa poderían facer cadrar a xornada de traballo e vida familiar. Ilusos! Nunha decisión prepotente a xefatura territorial de

Traballo e Benestar de Pontevedra denegoullelas a todos os traballadores e traballadoras do centro. É certo que no centro base poderían darse esas especiais condicións, pero é responsabilidade das cabezas pensantes da Administración que detraeron persoal da unidade para desenvolver outras funcións, sen que fosen substituídas nin estas nin as baixas de longa duración.

As denegacións, tal e como se reconoce na resolución, tamén actúan como castigo polo atraso na actividade do centro, cando quen deberían ser castigadas son a xefa territorial e as xefas de servizo con implicacións no centro. Emitir unha resolución masiva denegatoria para intimidar ao persoal abonda como xustificación para un cese ou unha dimisión do órgano directivo e xefaturas de servizo, por incompetentes e prepotentes.

Outro exemplo de arbitrariedade chega dende o servizo de consumo en Vigo, onde a uns traballadores/as se lles concede a flexibilidade ao tempo que se lle denega a outros.

Destaca tamén a exclusión da flexibilidade automática nas oficinas de rexistro e unidades de atención á ciudadanía, establecéndose con carácter xeral a denegación. Dende a CIG presentáronse as alegacións as ditas instrucións, entre as que amosabamos o noso desacordo en deixar fora con carácter xeral a todas as persoas que ocupen postos en “horario especial” facendo extensivo as: oficinas de rexistro, unidades de atención ao ciudadán, unidades con quendas, horario de tarde, gardas ou similares.. Pero finalmente as instrucións foron aprobadas con voto en CONTRA da CIG e a favor de CSIF, CCOO e UGT.

PROMOCIÓN INTERNA DE CORPOS XERAIS: XA ESTÁ BEN!

O 1 de agosto de 2014, esta organización sindical foi convocada pola Subdirección Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal, dependente da Dirección Xeral da Función Pública, co fin de negociar as bases da promoción interna de corpos xerais, onde se nos comunicou que non se ían atender praticamente ningunha das alegacións presentadas.

Igualmente, a actitude dilatoria da Administración, adiando conscientemente a negociación destes procesos co conseguinte prexuízo para a carreira e promoción profesio-

sional dos funcionarios/as desta Administración, é un elemento de gravidade que deberían atallar.

A CIG ven de solicitar a Función Pública que coa máxima urxencia se volva a convocar unha xuntanza para tratar este asunto atendendo ao principio de boa fe negocial, e non dende a imposición, tal e como veñen facendo ata o de agora.

Función Pública segue sen contestar, e levamos 5 anos sen promoción interna. Xa está ben de demagogia electoral, queremos a promoción interna e querémola YA.

RECORTES NOS RECOÑECIMENTOS XINECOLÓXICOS

En Pontevedra estamos a ter un problema cos recoñecimentos xinecolóxicos. Ata o de agora o xinecólogo enviaba a facer mamografía ou ecografía mamaria, e MUGATRA autorizaba sen máis trámite.

Este ano, despois do cambio de xinecólogo/a en varias localidades, as traballadoras quedamos a expensas de que o especialista decide si existe problema de saúde ou non. Se este/esta non considera necesario facer as referidas exploracións, agarda a que a traballadora cumpra os 50 anos e así xa vai derivada directamente aos chamamentos

do programa galego de detección precoz do cancro de mama.

A CIG considera que isto é unha volta máis dos brutais recortes que estamos a padecer e, tendo en conta que a prevención en temas de saúde é fundamental, vai levar ao Comité Intercentros de Saúde Laboral a esixencia de que no vindeiro contrato se recolla expresamente a obrigatoriedade de facer este tipo de probas a toda aquela muller que así o solicite.

EXPEDIENTES DISCIPLINARES

A Xefatura Territorial de Traballo e do Benestar incrementou no que vai de ano a incoación de expedientes disciplinares ao persoal laboral de xeito notábel. Hai para todos os gustos, inclusive algúns casos razoábeis e axustados a dereito ao criterio da CIG. Temos ata centros nos que case a totalidade do persoal está expedientado, como a Escola Infantil de Coia.

Non vamos aquí xulgar nin a necesidade dos expedientes nin os trámites de instrución. O que pretendemos é criticar que, en moitos casos, non se producen medidas correctoras ou conciliadoras por parte das persoas responsá-

beis da consellaría cando inda estamos a tempo de evitar os expedientes.

Nun momento en que as nosas retribucións e condicións de traballo están a sufrir recortes e presións, unha sanción de emprego e soldo é unha carga excesiva, así que, más ca nunca, deberían ofrecerse actuacións mediadoras e interventoras alternativas á vía disciplinar.

O que a CIG está a demandar nestas liñas é que a Administración actúe inmediatamente dende os primeiros indicios, é dicir, unha mediación para que os feitos non se anquilosen e rematen en expediente disciplinar.

SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIOS

Coa idea de privatizar inda máis o servizo de incendios e así favorecer a empresas “amigas”, a Xunta segue a tratar de maneira escurantista e con menosprezo ao persoal do SPDCIF.

Como se planificaran e decidiran que chovese todo o verán para así non termos lumes, gábanse do marabiloso éxito da campaña deste ano. Mientras, seguen sen sentarse coa representación sindical para reorganizar un servizo fundamental. Por este motivo desde a CIG seguimos a denunciar, situacións como estas:

- Persoal fixo-descontínuo de 3 meses: Contratos denunciados en maxistratura.

- Roupa de traballo de inverno. Paralizado pola xustiza despois da nosa denuncia de adxudicación “a dedo”.

- Roupa de traballo para os lumes. A Inspección de Traballo, a instancias da CIG, intentou obrigar á Xunta a proporcionar a adecuada, sen éxito.

- Recoñecementos médicos específicos inexistentes, ignorando os requisitos da Inspección de Traballo.

- Formación específica para o persoal: inexistente tamén, a pesares de ser unha obriga da Xunta impartiala.

PORATAS XIRATORIAS NO CSIF?

A etiqueta “porta xiratoria” aplícase-lle a aquela persoa que, procedente da política, é nomeada para un cargo nunha empresa privada coa que tivera relación na súa etapa anterior. Non é, xa que logo, totalmente equivalente para o caso que segue, pero podería ter algunha semellanza para quen vexa pagos por servizos prestados.

O pasado marzo foi adxudicada a comisión de servizo para o posto de Xerente do CIMA (Centro de Investigacións Mariñas, en Vilanova). A beneficiaria foi “Susi”, quen durante uns 15 anos foi a cara do CSIF por Vilagarcía e Pontevedra, delegada sindical, liberada, con cargos orgánicos no aparato do seu sindicato.

O posto de Xerente do CIMA ten un apetitoso nivel 26, máis tendo en conta que a beneficiaria partía dun nivel 18. É a nova responsábel de persoal, das contratacóns para programas, de xestionar os orzamentos...; en definitiva, é a responsábel de todo o que ten que ver co funcionamento do centro e a xestión dos



cartos (tan só ten unha persoa por riba dela: o director ou directora, quen se centra máis ben na parte técnica dos proxectos).

Vai ser curioso ver a Susi sentada no Comité de Prevención e Saúde Laboral da Consellaría de Medio Rural e Mar en representación da parte empresarial, á par que se senta con todos os representantes sindicais na Xunta de Persoal, supostamente para defender os intereses dos traballadores e traballadoras.

O cargo de Xerente do CIMA non é incompatíbel co de representante sindical, pero non é lóxico ser a persoa que da ordes ao persoal do seu centro, e ao tempo sexa a súa representante sindical. Así que a CIG agarda a dimisión de Susi como representante do persoal funcionario e funcionaria da provincia de Pontevedra e así se poida adicar 100% ás súas tarefas de xerente.

Para rematar, lembrámoslle novamente á delegada e á secretaria territorial en Vigo, así como á xefa territorial de Traballo en Pontevedra, que teñen a unha delegada sindical do CSIF, actualmente membro do comité de empresa de Traballo, con destino na oficina de emprego de Vilagarcía, bailando todos os días por Vigo, algo que é probábel que tamén quixese algunha outra persoa que non pode por falta de padriño ou madriña. As responsábeis da Administración saben do abuso (entre outras razóns porque a delegada sindical non sae dos seus despachos), consénteno, e iso ten un nome no código penal ou, como mínimo, no réxime disciplinar.

QUEN XESTIONA O TEU EXPEDIENTE PERSOAL?

Ata o de agora tiñamos claro que o teu expediente persoal, ao que puedes acceder a través do PORTAX, e que contén datos persoais protexidos pola Lei de Protección de Datos, era xestionado con sixilo e garantías por funcionarios e funcionarias, os compañeiros e compañeiras de Función Pública.

Pero non! Resulta que a xestión está encomendada a unha empresa privada. Temos aquí varias cousas perigosas que nos dan a medida da horma do que entende o Partido Popular por unha Administración Pública: primeiro elaboran e difunden un discurso baseado en que “sobran funcionarios” (nunca aportan dato algúin de onde e porqué sobran); despois falan de recortar gastos innecesarios e impiden a reposición de efectivos; a consecuencia da falta de persoal os servizos non funcionan ade-



cuadamente e así atopan a escusa que andaban a procurar: como non se poden repoñer efectivos, xa que eles mesmos se autoimpuxeron ese límite, e se necesita facer o traballo de xestión dos expedientes de persoal si ou si, entón o máis doado é contratar unha empresa privada.

Con isto, reducen o capítulo I (gastos de persoal) e despois venden a moto entre a cidadanía, e en troques danlle

Outras Novas

Oposiciones e concursos:

- Promoción interna corpos xerais: sen novedades dende o 1 de agosto, cando os sindicatos decidimos levantarnos da mesa de negociación ante o inmobilitismo de Función Pública. A CIG dirixiu escrito demandando unha revisión a fondo da proposta. Polo de agora, sen máis novedades.

Seguro Colectivo: Asinado Seguro Colectivo de accidentes do persoal ao servizo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galiza, dos seus Organismos Autónomos, Axencias autonómicas e entes públicos. Para máis información contacta coa CIG.

beneficios a empresas dos seus amigos. E todo a costa de regalar e mercadear cos teus datos persoais.